

MODO VERÁN ACTIVO



XUNTA
DE GALICIA

ACTIVIDADES PARA A
MOCIDADE
DE 9 A 30 ANOS

Campamentos en Galicia e noutras comunidades

Minicampamentos "Coñece Galicia"

Campos de voluntariado

Oferta para entidades ou grupos xuvenís

Programa para maiores de 18 anos

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Dirección Xeral de Xuventude
Santiago de Compostela 2025

MAQUETACIÓN:

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

INTRODUCCIÓN 4

CAMPAMENTOS E MINICAMPAMENTOS 6

1. QUE INCLÚE 6

2. INCORPORACIÓN 7

3. QUEN PODE SOLICITAR PRAZA 8

4. COMO PRESENTAR A SOLICITUDE 10

 4.1. TIPOS DE SOLICITUDE 10

 4.2. COMO CUBRIR A SOLICITUDE 12

4.3. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE 13

5. ADXUDICACIÓN DE PRAZA 13

6. DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA 15

7. ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS ÁS LISTAS DE AGARDA 16

8. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS DE RESULTAS 17

9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS 19

10. PREZOS 19

11. DEVOLUCIÓN DE COTA 20

12. MÁIS INFORMACIÓN 22

13. CAMPAMENTOS POR PROVINCIA 23

A CORUÑA 26

LUGO 35

OURENSE 43

PONTEVEDRA 52

PRAZAS RESERVADAS PARA INCLUSIÓN 63

INTERCAMBIOS BILATERAIS CON OUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS 66

PROGRAMA "COÑECE GALICIA" 77

CONTACTO 96

INTRODUCCIÓN

A Xunta de Galicia ofrece a posibilidade de que a xuventude galega empregue o seu tempo libre estival participando en actividades de educación non formal de carácter lúdico, cultural, deportivo, formativo, etc. Para iso, cada ano preséntase a Campaña de verán, unha iniciativa ambiciosa que non só é unha actividade de lecer para os mozos e mozas galegos, senón que tamén é un **recurso de conciliación da vida familiar e laboral**.

Baixo o lema "**Modo verán activo**", a Campaña de Verán de 2025 da Xunta de Galicia oferta, durante os meses de xullo, agosto e setembro, as seguintes accións:

- » **Campamentos** en Galicia.
- » **Campos de voluntariado** en Galicia, noutras comunidades autónomas e no estranxeiro.
- » Programas de **intercambios bilaterais** con outras comunidades autónomas.
- » **Minicampamentos "Coñece Galicia"** de 5 días de duración.
- » **Uso de instalacións xuvenís** por parte de entidades e grupos de persoas mozas non asociadas.
- » Actividades de **ocio alternativo** para maiores de 18 anos



A información que se inclúe neste folleto fai referencia ás quendas dos campamentos que se realizarán en Galicia e ao programa de intercambios bilaterais con outras comunidades autónomas, regulados a través da *Orde pola que se regula a oferta de prazas para actividades xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2025 e se procede á súa convocatoria*.

A información está dispoñible na páxina web: xuventude.xunta.gal

As actividades programadas nos campamentos recollidos neste folleto poderán ser modificadas por causas meteorolóxicas ou por outras circunstancias sobrevidas.

Aposta pola inclusión

Co obxectivo de que a inclusión social sexa unha realidade ao tempo que se favorece a interacción e a convivencia entre toda a mocidade, as persoas mozas galegas con discapacidade igual ou superior ao 33% poden decidir sobre a modalidade de participación á que desexan optar: prazas do **procedemento xeral** ou prazas **reservadas de inclusión**.

Cómpre lembrar que tamén existe a posibilidade de optar pola convocatoria de **campamentos específicos para persoas con discapacidade** da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, cuxa información se pode consultar en



<https://politicasocial.xunta.gal/gl/recursos/plans-e-programas/>

CAMPAMENTOS E MINICAMPAMENTOS

A Xunta de Galicia pon á disposición dos mozos e mozas galegos **un total de 54 instalacións** xuvenís e aloxamentos turísticos en Galicia durante a época estival para levar a cabo as diferentes actividades de ocio e tempo libre.

Así mesmo, e dentro dos programas de intercambios bilaterais, tamén se ofrece a posibilidade de que a xuventude galega coñeza a realidade social e cultural doutras comunidades autónomas. Este ano mantemos os intercambios con Álava-Araba, Castela e León, Estremadura, A Ríoxa, Castela- A Mancha, Madrid e Cantabria.

1. QUE INCLÚE

- » Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación da persoa moza.
- » O aloxamento nun albergue xuvenil, nunha residencia ou nun campamento xuvenil ou nun aloxamento turístico.
- » A manutención en réxime de pensión completa.
- » O material necesario para a actividade xuvenil.
- » Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, de ser o caso. Así mesmo, para o caso das persoas con discapacidade que por razón das súas necesidades especiais precisen apoio, dispórase de persoal que conte coa formación e experiencia necesarias para atendelas.
- » Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- » No caso dos intercambios con outras comunidades autónomas: o transporte desde Santiago de Compostela que será o punto de saída, ata o lugar de destino do intercambio, así como o retorno ata o mesmo punto de saída.

EQUIPAMENTO PERSOAL NECESARIO


As persoas mozas que participen nestas actividades deberán levar útiles de aseo persoal, roupa axeitada (usada e cómoda), roupa de abrigo e chuvia, luvas, roupa deportiva, calzado forte e cómodo, sombreiro ou gorra, roupa de baño (traxe de baño, toalla, gorro de piscina, protector solar), calzado deportivo e aquel outro equipamento que se indique nas cartas informativas de cada campamento.

As cartas informativas de cada campamento estarán dispoñibles na páxina web: xuventude.xunta.gal despois do sorteo.

2. INCORPORACIÓN

A incorporación e a recollida nas actividades en Galicia será por conta da persoa interesada, nos termos que indique a Dirección Xeral de Xuventude.

No caso de intercambio para actividades noutras comunidades autónomas, será por conta da persoa interesada o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela, tanto o día de ida para a actividade como o día de regreso desta.



3. QUEN PODE SOLICITAR PRAZA

Poden solicitar praza nas actividades ofertadas as persoas mozas **residentes en Galicia**. Estas persoas deberán **ter expedido e en vigor o DNI ou NIE na data de presentación da solicitude**.

Para ser admitido no campamento será necesario non padecer enfermidade transmisíble con risco de contaxio.

Para os campamentos que inclúan na súa programación actividades acuáticas é requisito saber nadar, sen prexuízo do sinalado para as persoas con discapacidade.

Ningunha persoa participante poderá ser admitida en máis dun campamento por ano. A praza adxudicada será intransferible.

IDADES

Poden solicitar a participación nas actividades ofertadas as persoas nadas no ano sinalado para cada actividade no anexo I da orde reguladora.

En canto ás idades mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2025, cómpre destacar:

- » As persoas nadas no ano **2016 deberán ter feitos os 9 anos no momento do inicio do campamento**.
- » As persoas nadas no ano **2007 non poderán facer os 18 anos antes da finalización do campamento**.

PERSOAS CON DISCAPACIDADE

As persoas que teñan unha discapacidade **igual ou superior ao 33%** deberán facer constar esta circunstancia no formulario de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisase.


Para facilitar a selección dos campamentos e instalacións xuvenís máis axeitas ás condicións das persoas solicitantes, a programación de actividades e as características das instalacións nas que se desenvolven poderanse consultar [neste enlace](#).

En función do tipo de discapacidade poderá exceptuarse, de ser o caso, o requisito de saber nadar.

As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% deben optar, de conformidade co sinalado no apartado "[Como presentar a solicitude](#)", polas prazas do procedemento xeral ou polas prazas reservadas para inclusión. Para tal efecto, deberán indicar na solicitude se solicitan ou non unha praza reservada para inclusión.

MENORES EN SITUACIÓN DE TUTELA OU GARDA ADMINISTRATIVA

As persoas menores en situación de tutela ou garda pola Administración, e que se atopen en acollemento residencial, poderán participar nesta convocatoria. Deberán indicar esta condición no anexo de solicitude, marcando o recadro correspondente.



4. COMO PRESENTAR A SOLICITUDE

4.1. TIPOS DE SOLICITUDE

Todas as persoas que presenten unha solicitude deben utilizar o formulario que se incorpora como anexo II da orde de convocatoria, correspondente ao procedemento BS303A.




SOLICITUDE INDIVIDUAL:

» Prazas do procedemento xeral:

Indicadas no anexo I, alíneas A, B e D da orde de convocatoria: estas prazas poden ser solicitadas por calquera menor que cumpra os requisitos establecidos na orde, incluídas as persoas con discapacidade.

» Prazas reservadas para inclusión de persoas con discapacidade:

Anexo I, alínea C: as persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán solicitar as prazas do procedemento xeral indicadas no anexo I (alíneas A, B e D) ou as prazas reservadas para inclusión relacionadas no anexo I (alínea C). **No caso de optar polas prazas reservadas para inclusión deberán marcar a casíña correspondente no formulario de solicitude (NO CASO DE DISCAPACIDADE, SOLICITA PRAZA RESERVADA PARA INCLUSIÓN ☐ SI ☐ NON).**





SOLICITUDES VINCULADAS A OUTRA OU OUTRAS SOLICITUDES:

No suposto de dous/dúas ou máis irmáns/irmás, poderase solicitar idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamento/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, vinculando as solicitudes entre si, de xeito que ou ben resultarán adxudicatarias todas elas para a mesma instalación, quenda e campamento, ou ben ningunha. A situación das persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar equipárase ás de persoas irmáns.

Todos/as os/as menores deberán, neste caso, cumprir os requisitos de idade esixidos para as instalacións, quendas e campamentos solicitados.

Na solicitude de cada unha destas persoas menores deberase indicar que se trata dunha solicitude vinculada con outra/a, marcando a casíña correspondente, e indicando o número de DNI/NIE da/s outra/s persoa/s menor/es coas que se quere vincular.

Cando se trate dunha persoa sen discapacidade que teña irmán/irmás con discapacidade e queiran presentar solicitudes vinculadas entre si, só poderán solicitar as prazas do procedemento xeral indicadas no anexo I alíneas A, B e D. **En ningún caso unha persoa sen discapacidade igual ou superior ao 33% poderá ocupar unha praza das reservadas para inclusión no anexo I alínea C.**

O incumprimento do disposto no apartado anterior por algunha das persoas solicitantes suporá a exclusión de todas as persoas que presenten solicitudes vinculadas á desa persoa.

As solicitudes vinculadas teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación da praza e para xerar as listas de agarda. Non obstante, no momento das adxudicacións desde a lista de agarda teranse en conta como solicitudes individuais.

No caso de non optar en todas as solicitudes que se vinculan por idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamentos/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, consideraranse solicitudes individuais non vinculadas.

4.2. COMO CUBRIR A SOLICITUDE

- » Cada persoa moza só pode cubrir unha solicitude e elixirá, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas de campamento. Cada quenda vai identificada cun código no **anexo I** (alíneas A, B, C e D) da orde reguladora.
- » Os datos da persoa solicitante deben ser os da persoa moza que opta a participar nas actividades, debendo indicarse o **seu número de DNI ou NIE**. As solicitudes deberanas **asinar as persoas proxenitoras**, titoras ou acolledoras das persoas menores solicitantes.
- » **As persoas solicitantes deben residir na Comunidade Autónoma de Galicia** e, polo tanto, o enderezo que se inclúa na solicitude deberá ser, necesariamente, nalgún concello de Galicia.
- » No caso de que un/ha menor figure en máis dunha solicitude, sexa esta asinada pola mesma persoa proxenitora, titora ou acolledora, ou por outra distinta, serán inadmitidas todas as solicitudes dese/a menor, e este/a quedará fora da adxudicación.
- » No caso de solicitudes vinculadas, de non optar por idéntica/s instalación/s, quenda/s e campamento/s, identificado/s co mesmo código e pola mesma orde de prioridade, consideraranse solicitudes individuais non vinculadas.
- » **MOI IMPORTANTE:** Logo da presentación da solicitude asignarase un número de expediente que poderá consultarse no apartado "A miña sede" da Sede Electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>.

Se na consulta se detecta algún erro ou non consta a solicitude que a persoa interesada presentou en forma e prazo, debe chamar a calquera dos números de teléfono que aparecen no **anexo VI**, de información sobre a convocatoria. A comunicación dos erros deberá efectuarse, como data límite, ata tres días hábiles antes do sinalado para a realización do sorteo. Unha vez transcorrido ese día non procederá reclamación ningunha.

- » A presentación da solicitude implica a aceptación das normas do procedemento.

4.3. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 (dez) días hábiles**, desde o seguinte ao de publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

5. ADXUDICACIÓN DE PRAZA

A adxudicación das prazas, tanto no procedemento xeral (anexo I alíneas A, B e D) como no de prazas reservadas para inclusión (anexo I alínea C), realizarase por sorteo, por medios informáticos.

Efectuaranse dous sorteos independentes segundo o procedemento polo que se solicite, o xeral ou o de prazas reservadas para inclusión.

O día, hora e lugar de realización do sorteo anunciarase na páxina web de xuventude, [xuventude.xunta.gal](https://juventude.xunta.gal).

Mediante este sorteo cubriranse as prazas que se especifican no anexo I (alíneas A, B, C e D).

No procedemento xeral a adxudicación de prazas a **persoas con discapacidade** que **soliciten campamentos noutras comunidades** autónomas relacionados no anexo I (D), requirirá da **confirmación de admisión da comunidade autónoma de destino**, conforme ao seu propio

procedemento en materia de discapacidade. Unha vez realizado o sorteo, realizarase a consulta á comunidade autónoma de destino, nos casos que proceda.

LISTA DE AGARDA

O sorteo tamén dará lugar a unha lista de agarda para cada unha das quendas de campamentos recollidas no anexo I.

Incluirase a cada participante unicamente nunha lista de agarda para **unha única quenda** entre as que solicitou.


O número de reservas en cada quenda será do 50% das prazas convocadas. Xerarase a lista de espera tanto no sorteo de prazas do procedemento xeral como no específico de prazas reservadas para inclusión.

RESULTADO DO SORTEO

A Dirección Xeral de Xuventude fará público o resultado do sorteo, incluídas as listas de espera, e publicará na páxina web de xuventude (xuventude.xunta.gal) a **lista de persoas admitidas** para cada quenda de campamentos e a **lista de espera** correspondente, no prazo máximo de 2 meses dende a publicación da convocatoria.

Para os efectos desta publicación e en virtude da normativa de protección de datos persoais, as persoas admitidas virán identificadas exclusivamente polo número de expediente asignado pola aplicación informática de xestión do procedemento. Procederase do mesmo xeito respecto das persoas incluídas nas listas de agarda.

O número de expediente asignado á persoa menor solicitante poderase consultar no apartado "A miña sede" da Sede Electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>. Aquí tamén se poderá consultar se, tras realizar o sorteo, á persoa menor solicitante se lle adxudicou algunha das actividades incluídas no anexo I da orde.



6. DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA

As persoas adxudicatarias de praza deberán presentar a seguinte documentación:

- » Xustificación do pagamento.
.....
- » Copia do certificado de nacemento ou do libro de familia.
.....
- » Resolución xudicial na que se designe o/a titor/a da persoa solicitante.
.....
- » Copia da tarxeta sanitaria ou seguro médico privado.
.....
- » Cuestionario de saúde e autonomía persoal e declaración de saber nadar ([anexo III](#)). As persoas con discapacidade deben facilitar neste documento a información actualizada que permita valorar os apoios que precisa, de ser o caso.
.....
- » Declaración sobre a autorización para a captación de imaxes ([anexo IV](#)).

No caso de persoas con discapacidade, ademais, deben presentar o certificado acreditativo do grao de discapacidade cando non fose expedido na nosa comunidade autónoma ou se opoñan á súa consulta, e a copia do ditame técnico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación correspondente.

PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

.....

A documentación sinalada debe presentarse **electronicamente**, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede ([sede.xunta.gal](#)). Deberá acceder ao seu expediente e elixir a acción: documentación complementaria para a adxudicación.

Debe seleccionar, como unidade destinataria da documentación, o Servizo de Xuventude e Voluntariado da **provincia onde se desenvolva o campamento**. No caso de intercambios debe seleccionar o Servizo de Actividades para a Xuventude.

PRAZO

O prazo para presentar a documentación é de **cinco (5) días hábiles** e comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do resultado do sorteo.

7. ADXUDICACIÓNS DE PRAZAS ÁS LISTAS DE AGARDA

As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, serán ofrecidas na fase de reserva dos respectivos procedementos (xeral ou de prazas reservadas para inclusión) ás persoas solicitantes que figuran nas listas de agarda correspondentes.

No caso de que se produzan baixas, o servizo de xuventude e voluntariado do departamento territorial da provincia na que se localice o campamento ou a Dirección Xeral de Xuventude, no caso de campamentos de intercambio, **contactarán, seguindo a orde da listaxe, coas persoas da lista de agarda**, mediante chamada telefónica ao **número de teléfono indicado** no formulario de solicitude, **no apartado do representante legal**.



Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e 14.00 horas, que serán rexistradas para a constancia da súa realización. De non contactar coa persoa interesada, esta será dada de baixa e chamarase á seguinte na lista de agarda.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida, **deberán presentar a documentación sinalada no punto 6 nun prazo de 2 días hábiles** a partir desta chamada.

A documentación deberá presentarse electronicamente conforme ao sinalado no punto 6.

No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado, a praza ofreceráselle á seguinte persoa da lista de agarda.

A apertura da fase de reservas publicárase na páxina web: xuventude.xunta.gal

8. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS DE RESULTAS

As prazas vacantes que non se cubrisen polos procedementos de adxudicación expostos anteriormente, serán ofertadas na fase de resultas a calquera solicitante que as demande, aínda que non tivera presentado unha solicitude no prazo do artigo 5, sempre que **reúna as condicións e requisitos** esixidos na orde para participar na convocatoria.

Estas prazas estarán expostas na páxina web xuventude.xunta.gal, onde se anunciará a apertura da fase de resultas. A oferta de prazas actualizarase en tempo real na páxina web, en función das prazas que vaian quedando dispoñibles.

Para solicitar as prazas de resultas a persoa interesada deberá presentar un formulario en liña, conforme se indicará nesa páxina web.

As prazas de resultas adxudicaranse por orde de recepción da solicitude.

Se unha persoa xa ten adxudicada unha praza en calquera das fases do procedemento (sorteo, fase de reserva ou fase de resultas) non poderá resultar adxudicataria dunha nova praza en fase de resultas se non renuncia á praza previamente adxudicada. No formulario de solicitude de resultas habilitarase un espazo para comunicar esta renuncia.

No caso de que a persoa solicitante figurase na lista de espera dalgún campamento, deberá comunicarse esta circunstancia no formulario de solicitude de resultas para, de ser o caso, dala de baixa nesa lista antes da adxudicación da praza solicitada en resultas.

A reserva de praza deberá facerse de maneira individual, para unha única persoa solicitante.

Cada solicitante poderá facer a solicitude de, como máximo, tres quendas de campamento, por orde de preferencia, sempre que reúna o requisito de idade para todas as solicitadas.

A adxudicación da praza solicitada comunicarse mediante correo electrónico ao enderezo indicado na solicitude. Disporase dun prazo máximo de dous días hábiles para presentar a documentación relacionada no artigo 8 da orde.

No caso de non aceptar a adxudicación, deberá indicalo contestando ao correo electrónico de comunicación da adxudicación, no prazo de dous días.



9. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- » Incorporarse ao campamento e a regresar polos medios e nos prazos establecidos.
- » Non abandonar o campamento sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono do campamento antes da súa finalización requirirá a comparecencia das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras ou persoa debidamente autorizada por estas, e será responsabilidade delas o traslado para o regreso ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.
- » Respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións xuvenís, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e prevención existentes no momento do desenvolvemento do campamento e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.
- » Poderán ser expulsadas do campamento as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

10. PREZOS

Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda son os recollidos no anexo I (alíneas A, e B, e C e D) da orde reguladora, fixados de acordo co sinalado na *Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade e xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude*.

En todo caso, establécense unha serie de **descontos**, que **non serán acumulables** en ningún caso:

- » **50 %** para membros de **familias** que teñan o título de **numerosa**, membros de familias que teñan o certificado de recoñecemento da condición de **familia monoparental** e membros de **familias acolledoras**.
- » **25 %** para as persoas usuarias do **Carné xove**.

Para aplicar estes descontos hai que estar en posesión, no momento do pagamento da taxa, dos títulos habilitantes correspondentes: Carné xove vixente e activado, título de familia numerosa, certificado de recoñecemento da condición de familia monoparental e resolución de acollemento familiar, expedidos polo órgano competente.

11. DEVOLUCIÓN DE COTA

Se unha vez obtida a praza por calquera dos procedementos de adxudicación e aboado o prezo correspondente a persoa interesada non puidese asistir ao campamento, só terá dereito á devolución deste nos casos e polas causas seguintes:

A. Renuncia á praza comunicada por escrito sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos **sete días hábiles antes do inicio do campamento**.

No caso de prazas adxudicadas en fase de reserva ou de resultas e cando non concorra ningunha das outras causas recollidas neste punto, o prazo para comunicar a renuncia e solicitar a devolución da cota será de cinco días hábiles antes do inicio do campamento, e só se admitirá a devolución de cota cando a data do seu inicio permita presentar a solicitude de devolución con esta antelación mínima de cinco días hábiles.

B. Anulación do campamento ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

- C. Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte a persoa menor** e lle impida incorporarse ao campamento, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada a persoa menor.
- D. Falecemento ou enfermidade grave dun familiar da persoa menor de ata 2º grao.** Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- E. Abandono** do campamento por calquera dos motivos recollidos na letra c., sempre e cando non transcorresen máis do 50 por cento dos días de duración deste.

Hai un modelo de solicitude de devolución de cota (**anexo V**), dispoñible na sede electrónica (sede.xunta.gal), indicando o código do procedemento no buscador).

Estas solicitudes presentaranse electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica.



Dirixiranse ao Departamento Territorial da provincia onde se localice o campamento obxecto da solicitude.

No caso de campamentos de intercambio noutras CCAA, a solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Xuventude.

12. MÁIS INFORMACIÓN

Estamos á disposición da mocidade e familias galegas para resolver as súas dúbidas:

- » Na Dirección Xeral de Xuventude (teléfonos na última folla).
- » Nos departamentos territoriais e nas oficinas locais de Pontevedra e Ferrol da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (teléfonos na última folla).
- » No Servizo de Información Xuvenil de Santiago de Compostela e nos 12 Espazos Xoves da Xunta de Galicia (teléfonos na última folla).
- » Na páxina web xuventude.xunta.gal.

Pola súa banda, a información sobre a accesibilidade nas distintas instalacións galegas pódese consultar na páxina web xuventude.xunta.gal, na ficha de cada instalación.



13. CAMPAMENTOS POR PROVINCIA

A CORUÑA

1. Albergue Xuvenil Marina Española (Bergondo e Sada)
2. Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)
3. Campamento Xuvenil Furelos (Melide)
4. Campamento Xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son)
5. Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)
6. Granxa Zoo Grixalba (Sobrado dos Monxes)
-  7. Granxa Escola Bergando (Negreira)
8. Albergue Monte do Gozo (Santiago de Compostela)
-  9. Granxa Escola Garatuxa (Mesía)
10. Albergue municipal de Cabana de Bergantiños

LUGO


11. Albergue Xuvenil Area (Viveiro)
12. Albergue Xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín)
13. Campamento Xuvenil A Devesa (Ribadeo)
14. Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)
15. Concello de Carballedo ou limítrofes
16. Albergue Xuvenil Lug II (Lugo)
17. Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (Becerreá)

OURENSE

18. Campamento Xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo)
19. Estación de montaña de Manzaneda (Manzaneda)
20. Albergue Equal (Coles)
21. Complexo O Corgo (Muíños)
22. Albergue municipal de Bande
23. Residencia de Tempo Libre do Carballiño
24. Centro de formación Valverde (Allariz)
25. Albergue Xuvenil de Abeleda (Xunqueira de Ambía)
26. Albergue Montañas de Trevinca (A Veiga)
-  27. Colexio Guillelme Brown (O Pereiro de Aguiar)
-  28. Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas (Ourense)

PONTEVEDRA

29. Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa)
30. Campamento Xuvenil Pontemaril (Forcarei)
31. Campamento Xuvenil A Illa de Ons (Bueu)
32. Granxa Escola El Kiriko (Fornelos de Montes)
33. Corazón de Carballo Granxa Escola Tomiño (Tomiño)
34. FervenzAventura (Silleda)
35. Illa de San Simón (Redondela)
36. Residencia de Tempo Libre de Panxón (Nigrán)
37. Albergue Municipal Vicente Agulló (Lalín)
38. Complexo Natural CEMAR (Mondariz-Balneario)



PRAZAS RESERVADAS PARA INCLUSIÓN

A CORUÑA


1. Albergue Xuvenil Marina Española (Bergondo e Sada)
2. Albergue Xuvenil Gandarío (Bergondo)
3. Campamento Xuvenil Espiñeira (Boiro)

LUGO

4. Campamento Xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)

PONTEVEDRA

5. Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa)
6. Campamento Xuvenil Pontemaril (Forcarei)



A CORUÑA



ALBERGUE XUVENIL MARINA ESPAÑOLA (Bergondo e Sada)

AVENTURA NAS MARIÑAS

ACTIVIDADES

Actividades deportivas: takraw/vólei pé, kimball, goalball e boccia; **de aventura e natureza:** xincanas, xeocaptura, tirolesa e slackline, tiro con arco, escalada, busca de tesouro, aula da natureza, praia e construcións na area, cometas; **sobre rodas:** flickers e trickers, BTT; **outras actividades:** videoclip, xogos tradicionais, taller de relaxación, piscina; **ruta ambiental e saída a Sada.**

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Aventura nas Mariñas	01-08/07	14-15-16	148 €	150001
	11-18/07	14-15-16	148 €	150002
	21-28/07	14-15-16	148 €	150003
	01-08/08	14-15-16	148 €	150004
	11-18/08	14-15-16	148 €	150005
	21-28/08	14-15-16	148 €	150006

ALBERGUE XUVENIL DE GANDARÍO (Bergondo)

ACTIVIDADES NO MAR

ACTIVIDADES

Náuticas: vela, TDV táboa (windsurf), canoa (caiac), paddle surf, wakeboard, donut; **outras actividades:** xogos deportivos, aula TIC mariña; **excursión náutica** (volta Ártabra) e **saída.**

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Actividades no mar	01-10/07	10-11-12	193,30 €	150007
	15-24/07	07-08-09-10	193,30 €	150008
	29/07-07/08	07-08-09-10	193,30 €	150009
	12-21/08	11-12-13	193,30 €	150010
	26/08-04/09	10-11-12-13	193,30 €	150011

CAMPAMENTOS TECNOLÓXICOS:

NOTA: Para participar nestes campamentos non se esixe saber nadar. As persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.

» CREANDO O MEU VIDEOXOGO

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento ao desenvolvemento de videoxogos e á Intelixencia Artificial en imaxe 3D, usando o motor de videoxogos Unreal Engine. As persoas participantes poderán crear nesta contorna un videoxogo definindo a interface gráfica, as personaxes, a mecánica do xogo e facer uso da Intelixencia Artificial para obter comportamentos que se asemellen á realidade.

CAMPAMENTO	QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Creando o meu videoxogo	31/08-07/09	11-12-13	148 €	150012

» A VISTA DE PAXARO. PRIMEIROS PASOS CON DRONS

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento aos fundamentos que permiten a creación, control e voo dun dron. As persoas participantes terán a opción de construír o seu propio dron e de aprender os elementos básicos do seu funcionamento e, ao final do campamento, realizar unha xincana de competición coas súas creacións.

CAMPAMENTO	QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A vista de paxaro. Primeiros pasos con drons	31/08-07/09	11-12-13	148 €	150013

» ADESTRANDO O MEU ROBOT

ACTIVIDADES XERAIS: Achegamento aos principios tecnolóxicos que son necesarios para construción, funcionamento e mellora no control de robots sinxelos, mediante o emprego de ferramentas informáticas e traballo en equipo, superando pequenas probas ou retos coa aplicación dos coñecementos aprendidos.

CAMPAMENTO	QUENDA	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Adestrando o meu robot	31/08-07/09	11-12-13	148 €	150014

CAMPAMENTO XUVENIL FURELOS (Melide)

NATUREZA NO CAMIÑO

ACTIVIDADES

Actividades de aventura e natureza: xincana de aventuras, orientación, sendeirismo, tiro con arco; **deportivas:** bicicleta de montaña, spartan race, paleo training, canoa (caiac), xogos pre-deportivos e quidditch; **outras actividades:** karaoke, gran xogo e taller de relaxación; **excursión e OllaMelide.**

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza no camiño	01-10/07	11-12	146,70 €	150015
	15-24/07	07-08-09	146,70 €	150016
	29/07-07/08	10-11	146,70 €	150017
	12-21/08	11-12	146,70 €	150018
	26/08-04/09	07-08-09	146,70 €	150019

CAMPAMENTO XUVENIL VIRXE DE LORETO (Porto do Son)

NATUREZA XUNTO AO MAR

ACTIVIDADES

Náuticas: caiac, surf, bodyboard; **aventura e supervivencia:** raid-escalada, bicicleta de montaña, tirolesa, tiro con arco, slack-line, longboard, rappel, orientación, vivac e primeiros auxilios; **diverpraia:** paddle board, skimboard, cometas; **outras actividades:** natureza mariña/biomergullo; **excursión e** inmersión no Son.

NOTA: Para ser admitido neste campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Natureza xunto ao mar	01-10/07	10-11	172,50 €	150020
	15-24/07	10-11	172,50 €	150021
	29/07-07/08	07-08-09-10	172,50 €	150022
	12-21/08	07-08-09-10	172,50 €	150023

CAMPAMENTO XUVENIL ESPÍÑEIRA (Boiro)

CANDILEXAS

ACTIVIDADES

Artes escénicas: teatro, circo, caracterización, danza, maxia, percusión, acrosport, arte na natureza, contos ao revés, ensaios teatrais e representación final; **outras actividades:** tiro con arco, xogo de aventura, festa Holi e festa da espuma; **excursións:** Boiro e parque do río Coroño (inclúe praia con actividades por equipos: volei, papaventos, brilé, petanca).

NOTA: Para participar neste campamento non se esixe saber nadar. No caso da actividade de praia ou de calquera outra actividade acuática, as persoas que non saben nadar non poderán entrar na auga.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Candilexas	01-10/07	13-14	146,70 €	150024
	15-24/07	13-14	146,70 €	150025
	29/07-07/08	13-14	146,70 €	150026
	12-21/08	07-08-09-10	146,70 €	150027



TALENTIA

ACTIVIDADES

Master class e dinámicas de grupo con Rubén Riós e convidados/as especiais: música, interpretación, lingua, redes sociais e mocidade, comunicación verbal e non verbal, improvisación, contacontos, asociacionismo xuvenil e activismo social, as representacións e presentacións, cástings, mímica, dirección, produción, o emprendemento no rural e a diversidade, dramatización e estimulación da memoria, a xuventude como motor de cambio, o guión e a personaxe, entrevistas. **Convidados/as especiais (segundo dispoñibilidade):** Benedicta Sánchez, Rocío Camaño, Paula Carballeira, Esther Estévez, Sabela Arán, Borja Mina, Irene Pérez e Lorena Quintas. **Excursións:** saídas pola natureza e praia da contorna. **Xogos:** as mulleres no cinema, stratego, noite de cástings, atrapa a bandeira, veladas con proxección de documentais e películas e coloquios.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar.**

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
Talentia	26/08-04 /09	07-08-09-10-11	146,70 €	150028

Despois do sorteo publicarase neste apartado a CARTA INFORMATIVA do campamento coas indicacións sobre a incorporación e a recollida, o equipamento persoal necesario, as normas xerais, o horario tipo e outras recomendacións.



GRANXA ZOO DE GRIXALBA (Sobrado dos Monxes)

ALDEA PERDIDA

ACTIVIDADES

Educación ambiental: obradoiro de coidado da horta, rastrexo no medio natural, coidado de animais domésticos; **obradoiros:** de alimentación e de artesanía; **outras actividades:** grandes xogos, tiro con arco, xincanas, veladas, piscina e xogos acuáticos e *slack line*.

NOTA: Para ser admitido no campamento **é necesario saber nadar**.

CAMPAMENTO	DATAS	ANOS DE NACEMENTO	COTA	CÓDIGO
A aldea perdida	11-18/07	13-14-15-16	148 €	150029

ALBERGUE MUNICIPAL DE CABANA DE BERGANTIÑOS

AVENTURAS NA PRAIA E NATUREZA

ACTIVIDADES

